



# ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

Vilariño de Conso, a 9 de Febreiro de 2016

D<sup>a</sup>. Ana María Loureiro Silva, Secretaria-Interventora do Concello de Vilariño de Conso, do que é Alcalde-Presidente D. Ventura Sierra Vázquez,

## CERTIFICO

Que na sesión que se indica, e en relación co asunto que se cita, produciuse o seguinte acordo:

9 de Febreiro de 2016  
PLENO EXTRAORDINARIO

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Á vista da proposta de alcaldía seguinte:

"Á vista do Convenio Marco de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento na totalidade das administracións locais da provincia do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno,

Á vista do informe emitido segundo o artigo 54.1b) do RDL 781/1986, e segundo o disposto no artigos 22.2 p), e 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propono ó pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar a adhesión do Concello de Vilariño de Conso ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública

**SEGUNDO:** Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda



## ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**TERCEIRO:** Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Pilar Bermúdez González. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde D. Ventura Sierra Vázquez, para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno."

Informa o Sr. Alcalde que a designada como persoa responsable, cesou no seu posto no concello o día 5 de febreiro, e por iso se propón como responsable a D<sup>a</sup>. Mercedes Manso Fernández.

Sen máis intervencións, sometese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes, acadando a maioría absoluta, no Pleno Municipal o seguinte

### **ACORDO:**

Á vista do Convenio Marco de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento na totalidade das administracións locais da provincia do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno,

Á vista do informe emitido segundo o artigo 54.1b) do RDL 781/1986, e segundo o disposto no artigos 22.2 p), e 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, ó pleno municipal ACORDA:

**PRIMEIRO:** Aprobar a adhesión do Concello de Vilariño de Conso ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública

**SEGUNDO:** Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**TERCEIRO:** Designar como persoa responsable da execución do convenio a D<sup>a</sup>. Mercedes Manso Fernández. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde D. Ventura Sierra Vázquez, para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.



**ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE  
CONSO**

SECRETARÍA

Para que así conste, ós efectos oportunos asino a presente, e coa salvedade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto á aprobación da acta, en Vilarinho de Conso, co visto e prace do Sr. Alcalde, na data indicada no encabezamento."

Vº e Pr.  
O ALCALDE



A SECRETARIA.

